



## CONVOCATORIA DE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DE CANDIDATURA Á DIRECCIÓN DO MUSEO DO POBO GALEGO

O Consello de Goberno do Padroado do Museo do Pobo Galego, na súa reunión de 22 de febreiro de 2024, acordou convocar concurso de méritos, de acordo co procedemento e calendario que se detallan a continuación, para a selección da candidatura á dirección do Museo do Pobo Galego que se propoñerá á Asemblea do Padroado, segundo establecen os Estatutos.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1ª. Requisitos das persoas aspirantes:

- a) Estar en posesión do título universitario oficial ou homologado de licenciatura ou grao nunha titulación do ámbito de artes e humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas, no día de finalización da presentación de solicitudes de participación nesta convocatoria.
- b) Experiencia profesional acreditada de cando menos 5 anos en xornada completa ou equivalente, en actividades relacionadas co ámbito da titulación requirida.
- c) Acreditación documental do coñecemento do galego, lingua propia do Museo do Pobo Galego.
- d) Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas, e presentar certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sociais.

2ª. As solicitudes, acompañadas da documentación requirida en formato pdf, remitiranse por correo electrónico ([secretaria@museodopobo.gal](mailto:secretaria@museodopobo.gal)), ou fisicamente nun lapis de memoria remitido por correo certificado (Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval, s/n – 15703 Santiago de Compostela), ou ben mediante entrega presencial no rexistro do Museo. O prazo de recepción remata o 21 de marzo de 2024 ás 18:00 horas.



3ª. As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude co compromiso de que, en caso de resultar seleccionada a súa candidatura, estará en condicións laborais e residenciais de cumprir as súas funcións a tempo completo no Museo, así como o compromiso expreso de utilizar a lingua galega na súa actividade profesional, e de cumprir os fins e obxectivos da Asociación do Padroado do Museo do Pobo Galego.
- b) Curriculum vitae con todos os datos persoais e académicos e todos os méritos que estime oportuno alegar, sempre que estean debidamente documentados. Incluirá expresamente un correo electrónico de contacto, ao que se remitirán as comunicacións relacionadas co concurso.
- c) Proxecto para a dirección do Museo do Pobo Galego, no que a persoa solicitante expoñerá as súas ideas sobre a propia dirección, as relacións desta co persoal e co Padroado, o presente e o futuro do Museo. As persoas candidatas poderán pedir información sobre o funcionamento e organización do Museo previamente á secretaría do Consello de Goberno ([secretaria@museodopobo.gal](mailto:secretaria@museodopobo.gal)) ou á dirección do Museo do Pobo Galego ([direccion@museodopobo.gal](mailto:direccion@museodopobo.gal)).

4ª. Serán méritos preferentes: a experiencia de xestión en museos ou entidades afíns, a experiencia en coordinación de proxectos e dirección de equipos, a experiencia profesional ou investigadora no ámbito da antropoloxía, nomeadamente na galega; e a colaboración previa co Museo do Pobo Galego.

5ª. Participarán na Comisión de Selección con voz e voto a vicepresidenta do Padroado en calidade de presidenta da Comisión, un membro do Consello de Goberno con experiencia na dirección de Museos, un membro numerario do Padroado con experiencia na dirección de Museos, un titular da dirección dun dos museos que son membros institucionais do Padroado e o director do Museo do Pobo Galego. Participarán con voz pero sen voto, unha persoa representante de socias e socios no Padroado e o secretario do Padroado, quen actuará como secretario da Comisión.

Se algún solicitante fose parente até terceiro grao dun membro da comisión de Selección, este deberá renunciar e a Presidenta procederá a substituíla por outra persoa non incurso neste ou noutro tipo de incompatibilidades.



6ª . Pechado o prazo de admisión, a Comisión de Selección comunicará nun prazo máximo de 15 días ás persoas solicitantes a relación de admitidos e excluídos, indicando neste último caso os motivos da exclusión de ser solicitado.

7ª. Logo de considerada a documentación das solicitudes admitidas, a Comisión de Selección programará entrevistas presenciais cos/as candidatos/as mellor avaliadas para comentar as cuestións que considere pertinentes sobre o curriculum e o proxecto. A inasistencia inxustificada a esa entrevista implicará a renuncia a participar no concurso. Se fose por causa de forza maior, a Comisión de Selección poderá conceder unha segunda cita pero sempre dentro do calendario establecido.

8ª. Feitas as entrevistas, a Comisión de Selección elixirá por maioría, a ser posible dentro da primeira quincena de maio, unha das candidaturas, que propoñerá ao Consello de Goberno mediante escrito acompañado da acta de todo o proceso. Tamén poderá seleccionar unha candidatura suplente, ou varias con orde de prelación, por se fallase a principal polas causas que fosen.

9ª. O Consello de Goberno propoñerá a candidatura seleccionada á Asemblea Xeral do Padroado do Museo do Pobo Galego, a celebrar o 25 de maio de 2024, para a súa aprobación e, se procede, o nomeamento e a contratación do director ou directora do Museo. O resultado final do proceso será publicado na páxina web do Museo.

10ª. Para tomar posesión da praza, a persoa seleccionada terá que acreditar todos os elementos alegados na solicitude coa documentación orixinal ou debidamente compulsada.

11ª O contrato será laboral indefinido a tempo completo, cun período de proba de seis meses, durante os cales o Consello de Goberno poderá rescindilo discrecionalmente. O salario será de 34.000,00 € brutos anuais repartidos en catorce pagas. As funcións da dirección serán as que están establecidas nos Estatutos e no Regulamento de Réxime Interno en vigor.



**Museo do Pobo Galego**

San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de Compostela  
Tlf.: 981 583 620  
Fax: 981 554 840  
administración@museodopobo.gal  
www.museodopobo.gal

12<sup>a</sup>. A participación neste proceso de selección implica a aceptación expresa das bases da convocatoria. Para calquera reclamación serán competentes os tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponder.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2024

Concepción Losada Vázquez,  
presidenta do Padroado do MPG

